

Valoro como foi a miña participación no proxecto

Nome: Data:

	2 Foime xenial porque...	1,5 Fíxeno ben porque...	1 Custoume un pouco porque...	0,5 Debo mellorar porque...
No traballo en equipo.	Fun esencial no grupo, sempre estiven dispoñible para axudar, e acheguei ideas importantes ao proxecto amosando iniciativa.	Integreime ben no grupo, axudei ás miñas compañeiras e compañeiros e fun parte activa no proxecto.	Colaborei pouco co grupo e non axudei moito aos compañeiros/as tendo dificultades para integrarme.	Non conseguín integrarme no grupo e non colaborei nin axudei aos meus compañeiros/as.
No traballo individual.	O meu traballo individual foi excelente, profundei na tarefa, experimentei con todas as técnicas e fixen achegas creativas ao proxecto.	Fixen un traballo individual ben organizado, seguindo as indicacións, traballando todas as técnicas e rematei todas as tarefas a tempo.	O meu traballo individual foi moi limitado, necesitei axuda e non traballei todas as técnicas propostas.	Non realicei as tarefas individuais e non participei na realización do reto. O meu traballo é altamente creativo, orixinal e amosa un estilo único propio.
Deseño de <i>packaging</i>.	Fixen un deseño moi creativo, funcional e ben adaptado ao produto da asociación.	Fixen un deseño axeitado e funcional, con elementos creativos relevantes.	O meu deseño é sinxelo con funcionalidade parcial; presenta aspectos mellorables.	O deseño é pouco funcional, sen coherencia nin creatividade.
Uso de embalaxes ecolóxicas e sostibilidade.	Empreguei materiais 100% ecolóxicos e sostibles en todo o <i>packaging</i> , tendo en conta o seu ciclo de vida e impacto.	A maior parte dos materiais que empreguei son sostibles e respectuosos co medio.	Empreguei algúns materiais ecolóxicos, pero tamén incluí outros que non o son.	Non tiven en conta a sostibilidade dos materiais nin o seu impacto ambiental.
Reflexión sobre o proceso e superación do reto.	Participei de forma activa no meu grupo e tamén acheguei ideas para outras intervencións. Participei na execución e fixen novas propostas reflexionando profundamente sobre todo o proceso, os meus erros, melloras e aprendizaxes, mostrando autocrítica e vontade de mellorar.	Participei para superar o reto e reflexionei de forma detallada sobre o que fixen no proxecto e as aprendizaxes que obtiven.	Participei na busca de asociacións e de obxectos mais non axudei a facer os deseños para o <i>packaging</i> . A reflexión que fixen foi moi xeral e non inclúe moitos detalles importantes.	Non participei na busca de asociacións que precisasen embalaxes para os seus produtos nin na parte creativa dos deseños e non reflexionei sobre o meu traballo nin o que aprendín.
Suma de puntos				